



## ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía-Presidencia número 2024-2119 de 23/10/2024 e Cod. Validación: 9QHKLMJTJ2GZHK9KTSTFQTNNYX aprobáronse as seguintes

### «BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A PROPIETARIOS DE VIVENDAS PARA A INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS PARA A SÚA CONEXIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS DURANTE O ANO 2024.

As presentes bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a propietarios de vivendas para instalación de equipos de bombeo de augas residuais para a súa conexión á rede de rede de sumidoiros municipal, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), ao RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, á Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia e á demais normativa de aplicación, en no que non contradiga ás disposicións anteriores, á Ordenanza xeral de subvencións (OXSCN) a entidades e colectivos de cidadáns sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (BOP 141 do 22/07/2005), ás Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación

#### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA, BENEFICIARIOS, PROGRAMAS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES.

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrencia non competitiva, no ámbito municipal do concello de Nigrán, a concesión de subvencións aos **propietarios de vivendas** que, **estando a menos de 100 m da rede de sumidoiros** realicen o desaugadoiro das súas augas residuais a unha cota inferior á desta e, por tanto, necesiten dotarse dunha instalación de bombeo para realizar a acometida á devandita rede. Os beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e realizar as obras de investimento necesarias para eliminar as fosas sépticas ou pozos negros existentes, co obxectivo de minimizar o risco de verteduras de auga residual doméstica ao terreo e así optimizar o uso do servizo municipal de evacuación de augas residuais, encadrado como servizo básico municipal na Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de Réxime Local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo desta maneira a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

Esta convocatoria tramitarase de conformidade co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, dado que, polo obxecto e finalidade da subvención, non resulta necesario realizar a comparativa e prelación das solicitudes presentadas.

O **obxecto das axudas** comprenderá a execución de obras de investimento en inmobles de titularidade dos beneficiarios, incluíndose a execución da acometida á rede de sumidoiros, podendo consistir en:

- A adquisición, instalación e posta en funcionamento do **equipo de bombeo de auga residual**, cadro de mando e instalación eléctrica.





- A **execución ou adaptación** do pozo ou arqueta no que se instalará o equipo de bombeo.
- Execución da **acometida á rede** de sumidoiros.
- As **obras de desmonte, demolición ou selaxe** de fosas sépticas e pozos negros existentes.

Non serán subvencionables en ningún caso os seguintes gastos:

- Os fixados no artigo 31.7 da lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.
- Gastos de asesoría, xestoría ou consultoría

## 2.- LÍMITE DAS SUBVENCIONS E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS.

A contía da subvención estará en función do custo das obras a realizar e dos recursos que conte para cubrir parcialmente estes. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, de forma illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou persoais, supere o custo total das obras para realizar polo beneficiario. A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecida o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, no seu caso, outros ingresos, de tal maneira que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos..

## 3.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Destinarase un importe máximo de 120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 24 160 78000 procedente do crédito extraordinario aprobado polo pleno no expediente de modificación de créditos núm 3/2024 de data 02/04/2024 e Código de Validación 4KP2WFL3R49GWP7WHYCG6S4Q3 e financiado con cargo á remanente de tesourería para gastos xerais de 2023 .

## 4.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Poderán beneficiarse das axudas contempladas neste programa as persoas físicas maiores de idade que reúnan todos e cada un dos requisitos seguintes:

1. Posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos estados membros da UE ou do Espazo Económico Europeo. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán contar con autorización de estancia ou residencia en España.
2. Ser titular, en calidade de propietario, dunha vivenda para a cal se acredite a necesidade de instalar un equipo de bombeo de augas residuais e selaxe de pozos negros ou fosas sépticas.
3. Que a vivenda constitúa a residencia habitual e permanente do solicitante, o que se deberá acreditar mediante certificado ou volante de empadramento no que consten, á data de solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual na vivenda.
4. Os posibles beneficiarios deberán acreditar estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Xunta de Galicia (ATRIGA) e coa Seguridade Social. Para cumprir con este trámite, deberán presentar **declaración responsable** segundo modelo que se anexa, de conformidade co disposto no artigo 24.4 do RD 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (LGS) que permite substituír





presentación de certificacións para aquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

5. Así mesmo, o Concello comprobará de oficio a inexistencia de débedas coa facenda local, de conformidade co disposto no artigo 53.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6. Deberán acreditar que non incorren en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade previstas na Lei Xeral de Subvencións, mediante declaración responsable.

## 5.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ.

Os beneficiarios interesados en optar á concesión de subvencións reguladas nas presentes bases deberán solicitalo mediante a presentación (a través de medios electrónicos ou non) da seguinte documentación:

### DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA XERAL:

- Instancia individualizada segundo modelo de instancia xeral (**Formulario nº 1**).
- Nomeamento de representante, de ser o caso (**Formulario nº 2**).
- Copia do D.N.I. do solicitante, por ambas as caras, y del representante de ser o caso.
- Escritura de propiedade da vivenda para a que se solicita a axuda.
- Certificado ou volante de empadramento actual.
- Certificado de conta bancaria de titularidade do solicitante á que se poderá transferir, no seu caso, o importe da subvención.
- Certificado do solicitante no que consten as subvencións e/o axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, coa expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade. (**Formulario nº 3**).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determinan a imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas conforme á normativa reguladora das subvencións (**Formulario nº 4**).
- Calquera outra documentación que, de forma xustificada, sexa requirida polo órgano instrutor do procedemento de concesión.
- Non se admitirán as solicitudes non presentadas antes da data en que remate o prazo para a presentación de solicitudes.

### DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA NO CASO DE SOLICITAR O ANTICIPO DA SUBVENCIÓN:

- Orzamento de Aqualia referente ás obras de acometida necesarias dende a rede de saneamento á vivenda, para as que se solicita a subvención.
- Orzamento do equipo de bombeo e da instalación do mesmo detallado que describirá con claridade os conceptos e cantidades, e o seu prezo unitario que incluírá o IVE aplicable indicándose se é deducible ou non.





- Orzamento das **obras de desmonte, demolición ou selaxe** de fosas sépticas e pozos negros existentes

## 6.- PRESENTACIÓN E PRAZO.

O prazo de presentación de solicitudes será **dun MES**, contado a partir do día seguinte ao de publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houberse día equivalente a aquel que comeza o cómputo, entenderase que o prazo acaba o último día do mes.

De conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 39/2015, as persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos. O medio elixido pola persoa para comunicarse coas Administracións Públicas poderá ser modificado por aquela en calquera momento.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a instrutora do expediente poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias mediante a exhibición do documento orixinal.

A instrutora do procedemento comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa necesaria e, se fose o caso, requirirá para que no prazo de dez días hábiles se emende a solicitude ou se complete a documentación preceptiva (artigo 68 da Lei 39/2015) coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida a súa petición mediante unha resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 21 do mesmo texto legal.

## 7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

O procedemento de concesión das axudas será en réxime de concorrência non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da LSG, non sendo necesario fixar unha orde de prelación, nin realizar comparación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases. O importe para conceder terá os seguintes límites:

- Non poderá concederse unha subvención superior a tres mil euros (**3.000 €**) **IVE incluído** por solicitante, nin superarse en ningún caso, o orzamento presentado no proxecto.
- Seguirase a rigorosa orde de entrada de solicitudes ata cubrir o importe orzamentario. O esgotamento da partida orzamentaria provocará a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas á subvención.
- Por parte do órgano instrutor detraeranse dos expedientes nos que se inclúen conceptos non subvencionables, o seu importe. O resultante desta operación servirá de base para o cálculo do importe para subvencionar.

## 8.- INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ó Departamento de Servizos Urbanos, á persoa que designe Alcaldía- Presidencia, ou persoa que legalmente





substitúa.

Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. Poderase comprobar a realidade física dos gastos de investimento realizados polos peticionarios e subvencionables polo persoal de concello que se designe.

As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións. Todos serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas bases da convocatoria.

Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano instrutor deberá formular unha proposta de resolución, debidamente motivada, na que se concrete o resultado da avaliación realizada.

## 9.- RESOLUCIÓN.

O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas será **Alcaldía-Presidencia**.

O prazo para resolver e notificar será, como máximo, de **tres meses** dende a data de remate da presentación de solicitudes no rexistro xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que Alcaldía-Presidencia dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

Na resolución, no caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pago e condicións nas que se outorga, sendo notificada á persoa interesada. .

A resolución pon fin á vía administrativa.

## 11.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se, dentro do prazo do mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os/as beneficiarios/as das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o cal foron concedidas, realizando as actividades obxecto da acción de fomento nos prazos sinalados.

Ademais, serán deberes dos/as beneficiarios/as destas subvencións:

- a) Colaborar activamente no proceso de xestión e abono das axudas e destinatarias aos fins para as que foron concedidas, procedendo ao seu reintegro en caso contrario.
- b) Facilitar toda a información que fose requirida pola concellería respectiva, Servizo de Intervención municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- c) Os demais deberes especificados na normativa reguladora das subvencións públicas.

## 12.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.





A concesión de subvencións será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións ([BDNS](#)).

### 13.- COBRANZA E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

O artigo 31.6 da LSG contempla a posibilidade de que, cando a natureza da subvención así o xustifique, poderase realizar **pagos anticipados** a beneficiarios que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

A resolución de concesión da axuda pode recoñecer o **dereito ao pago anticipado do 100%** da subvención, mediante transferencia bancaria, sen prexuízo da obriga da posterior xustificación da mesma

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN:

A) No caso de **solicitar o pago anticipado** da subvención mediante transferencia bancaria, o prazo de xustificación será de **seis meses** dende a resolución da concesión.

B) NO caso de **NON solicitar o pago anticipado** : Os beneficiarios da subvención que non solicitan o pago anticipado, deberán xustificar a mesma **antes do 30 de novembro de 2024**.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN:

- Escrito de presentación da conta xustificativa (**Formulario nº 5**).
- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.
- Facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral xunto cos xustificantes de pago e unha relación das mesmas, detallando o número de factura, a data de emisión, o proveedor, o CIF, o concepto, o importe e a data de pago. Para os efectos da presente convocatoria unicamente admitirase o pago mediante transferencia bancaria.
- Reportaxe fotográfica das obras realizadas.
- Relación dos ingresos que financian a actividade, acreditando o seu importe e orixe, cumprimento das finalidades obxecto de subvención e declaración de que o IVE soportado nas facturas que compoñen a conta xustificativa non é deducible (**Formulario nº 7**).
- Contrato polo servizo municipal de saneamento (AQUALIA).

Os beneficiarios están obrigados a xustificar o importe total do proxecto presentado e que serviu de base para facer o cálculo da subvención concedida.

### 14.- CONTIDO E REQUISITOS DAS FACTURAS.

**Primeiro:** As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán estar datadas no período que abarca **dende o 01/01/2024** ata o momento de presentación da documentación xustificativa e, en todo caso, anterior ou igual á data límite de presentación desta, segundo o caso.





**Segundo:** O contido das facturas axustarase ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, que aproba o regulamento de deberes de facturación e cos seguintes contidos mínimos:

- Nº e/ou serie de factura.
- Data e lugar de expedición do documento.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como do destinatario das operacións.
- Nº de identificación fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola doutro estado membro da Unión Europea do que realizou a operación do obrigado á expedición da factura. Así mesmo, o NIF do destinatario.
- Domicilio, tanto do obrigado a expedir a factura como do destinatario das operacións.
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do imposto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que ou estea incluído no mencionado prezo unitario.

**Terceiro:** Documentación acreditativa do pago:

Consistirá na achega, xunto con cada factura, da copia da transferencia bancaria efectuada, que será o único documento válido que acredita o pago.

## 15.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

No caso de que a persoa beneficiaria incorra nalgunha das causas de reintegro que se establecen no título II da Lei 38/2003, o concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma, o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo con o procedemento establecido.

## 16.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR.

O procedemento sancionador será o disposto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

## 17. PROTECCIÓN DOS DATOS PERSOAIS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Nigrán, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.





Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Nigrán ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.”

## 18. VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante o ano 2024, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

## 19.- RECURSOS.

Contra as presentes bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que o ditou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación ou publicación. Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente. »





## FORMULARIO Nº 1. INSTANCIA XERAL

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A PROPIETARIOS DE VIVENDAS SITAS NO TERMO MUNICIPAL DE NIGRÁN, PARA INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS PARA A SÚA CONEXIÓN Á REDE DE REDE DE SUMIDOIROS DURANTE O ANO 2024

| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE |  |
|-----------------------------|--|
| Nome e apelidos             |  |
| NIF                         |  |
| Domicilio                   |  |
| Parroquia                   |  |
| Teléfono                    |  |
| Correo electrónico          |  |
| DATOS DO REPRESENTANTE      |  |
| Nome do representante       |  |
| NIF do representante        |  |
| Teléfono                    |  |
| Correo electrónico          |  |

## SOLICITA:

1.- **A subvención** cos criterios sinalados nas bases da convocatoria para a cal presenta a seguinte documentación (sinala cun **X** os documentos achegados no momento da solicitude):

## Documentación administrativa XERAL:

|  |                                                                                                                                                                   |
|--|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | Formulario nº 2 (nomeamento de representante)                                                                                                                     |
|  | Formulario nº 3 (certificado de subvencións ou axudas obtidas)                                                                                                    |
|  | <b>Formulario nº 4 (declaración responsable</b> de non estar incurso en causas de imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas). <b>OBRIGATORIO</b> |
|  | Copia do NIF do solicitante.                                                                                                                                      |
|  | Copia da escritura de propiedade da vivenda.                                                                                                                      |
|  | Documento acreditativo do <b>IBAN</b> da conta bancaria do solicitante da axuda.                                                                                  |
|  | Copia do NIF do representante legal (se fose o caso).                                                                                                             |





**2.-** Solicitude do **Pago anticipado** , marque cun **X** se procede

|                          |                                                 |
|--------------------------|-------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> | Solicito o <b>PAGO ANTICIPADO</b> da subvención |
|--------------------------|-------------------------------------------------|

**Documentación** do proxecto para a súa valoración, no caso de solicitar o pago anticipado:

|                          |                                                                                                             |
|--------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> | Orzamento do equipo de bombeo                                                                               |
| <input type="checkbox"/> | Orzamento de instalación do equipo de bombeo                                                                |
| <input type="checkbox"/> | Orzamento de Aqualia das obras de acometidas necesarias                                                     |
| <input type="checkbox"/> | Orzamento <b>obras de desmonte, demolición ou selaxe</b> de fosas <u>sépticas</u> e pozos negros existentes |

Nigrán, .....de.....de 2024

|                                                                                          |
|------------------------------------------------------------------------------------------|
| <br><br><br><br><br><br><br><br><br><br>Asinado: O/A solicitante ou representante legal. |
|------------------------------------------------------------------------------------------|

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN





## FORMULARIO 2. NOMEAMENTO DO REPRESENTANTES

En \_\_\_\_\_ cumprimento \_\_\_\_\_ das \_\_\_\_\_ bases \_\_\_\_\_ da \_\_\_\_\_ convocatoria  
D/Dª.....con DNI....., como  
propietario/a da vivenda sita en .....con Referencia Catastral  
número .....

### ACORDA:

Nomear como representante para as relacións co Concello de Nigrán para os trámites da  
convocatoria pública de subvencións na que participo á seguinte persoa:

| DATOS DO REPRESENTANTE |  |
|------------------------|--|
| Nome do representante  |  |
| NIF do representante   |  |
| Teléfono               |  |
| Correo electrónico     |  |

En Nigrán, .....de .....de 2024

Visto e Prace :

Asdo: Solicitante

Asdo: Representante





**FORMULARIO Nº 3. DECLARACIÓN RESPONSABLE SUBVENCIONES**

D/Dª.....con DNI....., e domicilio  
en .....

**DECLARO**

Que como propietario/a da vivenda con Referencia Catastral  
nº..... SOLICITEI as seguintes subvencións para o ano 2024

|     |  |
|-----|--|
| 1.- |  |
| 2.- |  |
| 3.- |  |

Das que foron concedidas:

|     |  |
|-----|--|
| 1.- |  |
| 2.- |  |
| 3.- |  |

En caso de NON solicitar ningunha, marque as seguintes casillas:

|                          |                                                                                                                                                  |
|--------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> | Que non solicitei ningunha subvención                                                                                                            |
| <input type="checkbox"/> | Que como propietario/a da vivenda comprométome a comunicar aquelas subvencións concedidas con data posterior á da presentación desta solicitude. |

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración responsable.

En Nigrán, .....de .....de 2024

Asinado: O/A solicitante ou representante legal.





**FORMULARIO Nº 4. DECLARACIÓN RESPONSABLE  
(PRESENTACIÓN OBRIGATORIA)**

D/D<sup>a</sup>.....con DNI....., e actuando en  
nome e representación de ..... con  
NIF.....

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:**

- 1.- Non estar condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- 2.- Non solicitar a declaración de concurso, ser declarado insolvente en calquera procedemento, atoparse en declaración de concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ser inhabilitado segundo a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- 3.- Non dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- 4.- Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño do réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule esas materias.
- 5.- Atoparse ao corrente no cumprimento de deberes tributarios ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- 6.- Non ter residencia fiscal no país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- 7.- Atoparse ao corrente de pago de deberes por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- 8.- Non ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003 xeneral de subvencións ou a Lei xeral tributaria.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de documentos administrativos, asino a presente declaración.

Nigrán, .....de.....de 2024

Asinado: O/A solicitante ou representante legal.





## FORMULARIO Nº 5. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCÍONS

| DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA |  |
|------------------------------|--|
| Nome e apelidos              |  |
| NIF                          |  |
| Domicilio                    |  |
| Parroquia                    |  |
| Teléfono                     |  |
| Correo electrónico           |  |
| DATOS DO REPRESENTANTE       |  |
| Nome do representante        |  |
| NIF do representante         |  |
| Teléfono                     |  |
| Correo electrónico           |  |

En cumprimento do establecido nas bases da convocatoria e unha vez concedida a subvención, procédese a achegar os documentos preceptivos xustificantes da mesma (sinale cun X os documentos achegados para a xustificación):

|  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|--|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <b>Formulario nº 4 (declaración responsable</b> de non estar incurso en causas de imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas).                                                                                                                                                    |
|  | Escrito de presentación da conta xustificativa (Formulario nº 5).                                                                                                                                                                                                                                 |
|  | Facturas ou demais documentos de valor <u>probatorio</u> equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral, xunto cos xustificantes de pago e relación das mesmas, detallando o número de factura, a data de emisión, o proveedor, o CIF, o concepto, o importe e a data de pago |
|  | Relación dos ingresos que financian a actividade, acreditando o seu importe e orixe, cumprimento das finalidades obxecto da subvención e declaración de que o IVE soportado nas facturas que compoñen a conta xustificativa non é <u>deducible</u> (Formulario nº 3).                             |
|  | Xustificante de pago da taxa correspondente pola conexión á rede de saneamento municipal                                                                                                                                                                                                          |
|  | Contrato polo servizo municipal de saneamento (AQUALIA)                                                                                                                                                                                                                                           |

## DECLARO QUE :

1.- No ano 202\_ obtiven unha subvención do Concello de Nigrán por un importe de .....euros, para a finalidade de .....  
.....

Cod. Validación: 3F7OARX3NR4AJHDZP5F29ZMZ  
Corrección: https://nigran.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 16





2. Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización das actividades para as que foron concedidas.

3.- Que como beneficiario/a da subvención, o IVE que expresan as facturas xustificativas non teñen carácter de deducible, aos efectos de consideralo subvencionable.

E para que así conste aos efectos de xustificación, asino a presente declaración

En Nigrán, .....de .....de 202\_

Visto e Prace :

Asdo: Solicitante

Asdo: Representante

---

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN»





En Nigrán, na data de sinatura electrónica

Rubén Rial Sánchez

1º Tenente de alcalde en substitución do alcalde

( (Decreto de delegación núm 2024-2054 de 14/10/2024)

